

BLOQUE 2: S.XVIII

TEMA 8: O REFORMISMO BORBÓNICO EN GALICIA

(a matrícula de mar, o arsenal de Ferrol, a apertura do comercio colonial)

Nesta pregunta o alumnado deberá explicar, de forma xenérica, que se entende por reformismo borbónico, así como relacionar as iniciativas desenvolvidas polos gobernos dos **Borbóns** en Galicia no s. XVIII co seu papel xeo-estratéxico. Deberá comentar tamén algunhas delas: os obxectivos e funcionamento da matrícula de mar, o proceso de construción do arsenal de Ferrol e as súas importantes repercusións a nivel militar, económico e urbanístico e, finalmente, as consecuencias da apertura do comercio colonial na cidade da Coruña.

No s. XVIII, o **Reino de Galicia** mantivo a súa importancia xeoestratéxica como baluarte marítimo avanzado na defensa do imperio colonial americano, fronte ao paso das armadas inimigas, fundamentalmente inglesas. Ante esta situación, os **Borbóns** e os seus gobernos interviñeron en Galicia creando novas institucións e servizos (a Intendencia do Reino de Galicia, o Real Consulado). Entre as súas principais realizacións destacan:

A MATRÍCULA DE MAR:

A armada española era fundamental na defensa das rutas comerciais con América. Seguindo os principios do absolutismo centralista, **Felipe V** unificou as distintas escuadras nunha única armada real e estableceuse a recruta obrigatoria de mariñeiros por medio da **matrícula de mar** (1737). O sistema rexistraba a todas as persoas traballadoras do mar, indicando a clase á que pertencían (grumete, mariñeiro, artilleiro...). Os matriculados quedaban exentos do pago de certos impostos pero debían prestar servizo sempre que se lles solicitase ata os 60 anos. Galicia será un dos territorios con maior número de matriculados. Este sistema tivo un grande impacto nos núcleos pesqueiros do país causando malestar polo seu carácter forzoso.

O ARSENAL DE FERROL

Galicia, pola súa situación xeoestratéxica, converteuse para os Borbóns no lugar onde recibir ou rexeitar os ataques das froas estranxeiras (especialmente as inglesas) que se dirixían a saquear as cidades costeiras españolas ou a capturar os barcos cargados de mercadorías procedentes de América. Ante esta situación, a meirande parte da costa galega foi reforzada con numerosas baterías e castelos.

Para unha mellor administración en **1726 José Patiño**, ministro de **Filipe V**, decidiu establecer en **Ferrol** a sede do **Departamento Marítimo do Norte** e una das bases das Armadas reais. A partir de **1746**, co **marqués da Ensenada**, ministro de **Fernando VI**, iniciouse a

construción dos estaleiros e do arsenal que converteron a **Ferrol** na principal cidade de Galicia.

O impacto deste feito para Ferrol e a zona circundante será enorme. **Ferrol**, pequena vila de mariñeiros, pasará a converterse na **principal cidade industrial de Galicia**. Creceu en poucos anos, creándose novos barrios de corte ortogonal, como o **Barrio da Madalena**, moi do gusto dos ilustrados ou o de **Esteiro**, para acoller aos traballadores.

A APERTURA DO COMERCIO COLONIAL:

Durante o reinado de **Carlos III** unha das medidas reformistas levadas a cabo será a **liberación do comercio con América**. Así, suprimírase o monopolio que ostentaba a cidade de Cádiz e permitírase o comercio directo con América a varios portos españois, entre eles A Coruña.

Esta medida, xunto coa instauración nesta mesma cidade do **servizo de Correos Marítimos** (compañía que levaba o correo estatal á Habana e Bos Aires), favoreceu o crecemento de **A Coruña**. Posteriormente, a apertura ampliouse ás embarcacións privadas e aos portos de Vigo e Ferrol, consolidando o comercio naval na zona.

Tamén en **A Coruña**, estableceuse, durante o reinado de **Carlos III**, o **Real Consulado da Coruña**, que fomentaba o desenvolvemento económico de toda a costa galega, coa creación de escolas técnicas, realización de infraestruturas portuarias... Entre as súas actividades destacou a restauración da Torre de Hércules.

Polo tanto, a apertura do comercio con América e instauración do Arsenal en Ferrol, fixo que a economía galega comezara a diversificarse, entrando capital estranxeiro e doutras partes de España principalmente nos seus portos. Así, destacan a creación de novas actividades comerciais como a creación das **Reais Fábricas de Sargadelos** ou a industria conserveira en Pontevedra.

BIBLIOGRAFÍA E ENLACES WEB:

AA.VV. *Historia de España. 2º Bacharelato*. Baia Edicións